As duas primeiras copias —o livro verde e máis o violeta— presentan unhas diferéncias tan infimas respecto ás copias que o autor deu á estampa —diferéncias coma a colocación das notas do acorde na mao dereita polo xeral— que non me parez revistan a suficiente trascendéncia como pra facelas constar aqui. Non obstante direi que a indicación de tempo nas duas primeiras é «Quasi andante».

A edición de Antonio Romero das seis cancións presenta a traducción ao castelán do texto francés. Dou seguidamente a da «mélodie» que nos ocupa:

Oh! como Laura al poeta dormido,
Ven dulce amada, mi sueño a guardar.
Verás mi labio de tu aliento herido,
Dulce sonido,
Articular.

Si negro sueño cruel me condena
Que largo tiempo tormento me dá,
que tu mirada me cubra serena:
Verás mi pena,
Deshecha ya.

Oh! dulce bien, si sucumbo á mi herida,
Baja a mi tumba mi cuerpo á besar.
Cuando á mi boca tu boca esté unida,
Pronto a la vida,
Vuelvo a tornar.

M.A.1, nº 6.— «Guitarre». Poésie de Víctor Hugo.

Parez esta canción nas tres ocasiós —livros verde, violeta e máis no negro.

As duas primeiras son practicamente a mesma versión e tuven serias dudas entre ambalas duas pra escoller coma versión definitiva a do livro violeta. A diferéncia básica entre elas está na estructura da frase. Coma o livro verde constitue unha opción tan válida coma puidera selo a do livro violeta, a transcribo a continuación:





O livro negro presenta unha versión diferente polo que a dou integramente.

M.A.1, nº 7.— «Sur des roses sous la Neige». Poésie de Lamartine.

Parez esta «mélodie» nos tres livros autógrafos —verde, violeta e máis o negro—.

As duas primeiras constituen unha versión única con pequenas diferéncias que detallo a continuación. Están tomadas do livro verde:



A do livro negro é doutra banda unha nova, e ao meu ver muito mellor, recreación da poesía de Lamartine en base, curiosamente, á mesma célula inicial.

M.A.1, nº 8.— «A une fiancée de quince ans». Poésie de Lamartine.

Parez esta «mélodie» nos tres livros.

As duas primeiras copias son a mesma versión con diferéncias insignificantes que non fago constar e que, ao meu entender, parecen mellor resoltas na segunda copia. Por esta razón dou coma copia definitiva da primeira versión a do livro violeta.

O livro negro presenta unha versión distinta —coa mesma ideia base— que tamén dou.

Cecais pódase dicer que ésta non é das mellores cancións de Adalid xa que a segunda versión non mellora cualitativamente á primeira. Parez coma se dende o primeiro a musicación convincente do texto de Lamartine se lle resistira ao compositor.

M.A.1, nº 9.— «La tombe dit a la rose». Poésie de Víctor Hugo.

Parecen copias desta canción nos tres livros, verde, violeta e mais no negro.

Tamén se incluie esta «mélodie» na edición de Antonio Romero de 6 cancións de Adalid.

Os dous primeiros manuscritos —ou sexa os correspondentes aos livros verde e mais violeta— constituien unha primeira versión, e o derradeiro manuscrito e máis a edición son unha segunda. A principal diferéncia entre ambalas duas versións radica en que o cambio de tempo efectuado nos compasos 4, 14, 24 e máis no 34 non se da na versión primitiva.

Tomei coma versión de referéncia a segunda delas precisamente por ser a derradeira das escrividas por Adalid e porque precisamente ese cambio de tempo lle da á canción unha variedade da que a outra carez. Nembargantes entre o derradeiro autógrafo e a edición existen algunhas muito pequenas diferéncias. No lugar oportuno escollín prá versión que ofrezo a que me parecía mellor. De todolos xeitos dou a continuación as diferéncias pertenecientes á edición e que poden significar frente ás que tomo do autógrafo unha alternativa igualmente válida:





A continuación dou as diferéncias principais da primeira versión coa que dou de referéncia, ainda que non sexa máis que a tíduo de información. Están tomadas do livro violeta:




25
De - ces fleurs je fais dans l'om - bre un par - fum d'am - bre et de miel
29
dolciss.
35
f
De cha - que â - me qui m'ar - ri - ve
f
p
37
f
dim.
p
pp
je fais un an - ge du ciel un an - ge du ciel du ciel
f
dim.
p
pp
p
42
je fais un an - ge du ciel

Na edición de Antonio Romero, amáis do texto francés orixinal, dase a traducción libre ao castelán pra se poder cantar a canción nesta língoa. É como segue:

La tumba dice a la rosa:
¿Que haces tú, flor deleitosa.
Del rocío bienhechor?
La rosa dice ofendida:
¿Qué haces tu de lo que anida
Ese abismo de dolor?
Dice la flor: «tumba oscura;
Yo convierto el agua pura,
En perfume embriagador».
La tumba dice en su calma:
«Cuando yo recibo un alma,
Un angel vuela al Señor».

M.A.1, nº 10.— «Souvenir». Poésie de Lamartine.

Parez esta «mélodie» nos tres livros autógrafos —verde, violeta e máis o negro—.

Practicamente son a mesma versión as tres copias. Dou coma referéncia a que corresponde aos livros violeta e negro, xa que a copia en ambos é a da mesma versión salvo o remate. Escollo prá versión de referéncia a que corresponde ao livro violeta a pesares de que non é cronoloxicamente a derradeira versión. Nembargantes a solución que pra estes derradeiros compasos da canción presenta Adalid no livro negro, douna a continuación xa que pode ser alternativa igualmente válida:



Dou tamén o final que presenta a primeira copia da canción —correspondente ao livro verde—, xa que pode ser tamén válida en último termo:



M.A.1, nº 11.— «Le Grillon». Poésie de Lamartine.

Parez esta «mélodie» nos tres livros autógrafos —verde, violeta e máis no negro— e tamén entre as 6 que editara Antonio Romero en Madrid.

Escollín coma versión de referéncia a editada pola casa Romero coa salvedade de variar a liña melódica dos compasos 38, 39 e máis 40 conforme ao livro violeta prás repeticións e conservar a liña melódica da edición —que ao mesmo tempo é a do livro violeta— pra estrofa final. Coido que así a versión do livro violeta, que é a que me sirve de base na versión de referéncia, consigue unha meirande variedade axudando a lle dar á derradeira estrofa un selo de variedade que, na miña opinión, serve a enriquecela.

No compaso 26 e logo no 30 conservo na versión de referéncia a solución que parez no livro violeta —que coincide coa edición—. Coma a variante que parez no livro negro pode resultar interesante e mais opción de igual valía douna a continuación:

Polo que respecta á copia do livro verde, que dito sexa de paso está en la bemol en vez de sol, non a usei por me parecer as variantes que presenta menos rematadas, menos redondas que as correspondentes da edición de Romero, así coma tampouco deixo constancia nestas «notas» das levísimas variantes do livro violeta e máis do livro negro respecto á versión que dou de referéncia por me pareceren solucións de inferior calidade.

O texto de Lamartine presenta, amáis do orixinal francés, na edición de Romero a traducción seguinte ao castelán:

Grillo misterioso
De gentil cantar;
Falto de reposo,
Vengo á buscar.
Todo en dulce calma;
Yace en derredor:
Ven, recuerda al alma,
Sueños de su amor. } Bis.

Dulce melodia
Para el alma mía
Hallo vivo en tí,
El bien que ya perdí
Noches del invierno
Fuego del hogar,
Fiel relato tierno,
Del antiguo lar,
De la madre amada
Cándida oración,
Ah! no olvidé nada, } Bis.
Nada, tu canción. }
Dulce melodia,
Para el alma mía,
Hallo en tí,
El bien que ya perdí.

A introducción do piano así como os 8 derradeiros compasos difiren no livro violeta tal e como expoño na seguinte ilustración:



M.A.1, nº 12.— «Puis qu'ici bas toute âme». Poésie de V. Hugo.

Parez esta «mélodie» nos tres livros —verde, violeta e máis no negro.

Estas tres copias podémolas agrupar en duas versións, a primeira cronolóxicamente é a que presentan os livros verde e máis violeta e a segunda a do livro negro. Entre ambalas duas as diferéncias existentes son de estructura. Até o compaso 24 coinciden variando a estructura no resto da canción.

Transcribo as duas versións por me pareceren as duas o suficientemente significativas. A do livro negro vai tal e como parez no manuscrito de Adalid e a que cronolóxicamente é a primeira somentes lle engadín algunha indicación agóxica que tomei do livro verde —que é tamén a primeira versión—. Os compasos 75 e máis 76 que diferían no livro violeta do verde os deixei tal e como parecían no primeiro, e a continuación dou a variante que presenta o livro verde:



Seguindo a numeración do livro verde atopámonos cunha canción repetida, *«Oh quand je dors»*, que leva o número 13. É outra copia da M.A.1, nº 5. Por esa razón a numeración a partires de aquí córrese nunha unidade con relación á numeración do livro verde. Omito pois esta canción e o número 13 o leva a que segue.

M.A.1, nº 13.— «La fleur des eaux». Poésie de Lamartine.

Esta canción soio parez nos dous primeiros livros —verde e máis violeta—.

As diferéncias entre ambalas duas son de detalle e dou coma versión de referéncia a do livro violeta por ser copia posterior e porque, ademais, na primeira copia xa parecen correxidas en lapiz pola mao do compositor esas pequenas diferéncias tal e como logo parecen no livro violeta. De todolos xeitos dou aquí as máis destacabeis coma curiosidade:



M.A.1, nº 14.— «L'heure du mystère»

Parez esta «mélodie» nos tres livros —verde, violeta, e máis no negro—.

Éstas constituien duas versións: o livro verde e o violeta forman unha con unhas diferéncias mínimas, e a segunda é a do album *«Maria»* ou livro negro. Dou ambas versións.

Curiosamente en ningunha das tres parez o nombre do autor do texto o que nos pode levar a pensar que éste fora o propio Adalid ou a súa muller Fanny Garrido.

Polo que respecta á primeira versión donde existen diferéncias tomo as solucións que presenta o livro violeta. Nestas «notas» dou a continuación as solucións do livro verde nos lugares máis destacados:



As indicacións de tempo as tomo do livro negro xa que nin no violeta nin no verde parez ningunha, posibelmente por se tratare do «tempo ordinario».

Na copia do livro violeta parecen duas estrofas, nembargantes no verde parez unha terceira que é como segue:

Le secret de la fleur marine
Je le sais par une autre fleur
Plante sans tige et sans racine
Chacun cherche et nul ne devine
Que sa rêve sort d'un seul coeur.
Savez vous son nom...

Polo que respecta á segunda versión correspondente ao livro negro responde á mesma ideia da anterior e a diferencia radica na estructura diversa que nesta ocasión lle da o autor a mesma ideia. Esta versión presenta, ao igoal que o livro violeta, duas estrofas. O tíduo que recibe aquí esta canción é o de *«Declin du jour»*.

M.A.1, nº 15.— «Berceuse»

Parez esta canción nos tres livros —verde, violeta e máis no negro—.

As duas primeiras constituien unha versión —con levísimas diferéncias que omito— e a terceira é unha versión distinta. Dou pois as duas versións.

En ningunha das tres copias parez o nome do poeta. Cecais o autor do texto fora o mesmo compositor ou a sua muller, a poetisa Fanny Garrido.

M.A.1, nº 16.— «Venise». Poésie d'A de Musset.

Parez esta «mélodie» nos tres livros —verde, violeta e máis no negro—.

Estamos diante dun dos poucos casos nos que as tres copias coinciden practicamente na sua totalidade. A única diferéncia preséntase nos compasos 20 ao 23 que no livro negro son reducidos a dous (20 e 21) do seguinte xeito:



Tomei coma referéncia, ainda que calqueira das copias podía selo, a do livro violeta.

Este e máis o livro negro presentan duas estrofas, o verde, nembargantes, presenta unha terceira estrofa intercalada entre as outras duas que a continuación dou:

Sous la brise amoureuse
La Venise rêveuse
Dans son berceau flotant
Passe en chantant
Tandis que pous la fête
Narcissa que s'aprette
Met devant son miroir
Le masque noir.) Bis.

M.A.1, nº 17.— «Le Vallon». Poésie de Lamartine.

Parez copia desta canción nos tres livros —verde, violeta e máis no negro, ou sexa no album *«María»*—.

Este é outro caso no que as tres copias son practicamente idénticas.

Canción de tres estrofas, as duas primeiras versións presentan copiadas integramente as tres, e o livro negro presenta os signos de repetición, pro nembargantes o interludio de piano non se indica repetido denantes do comenzo da segunda estrofa como parez nas duas primeiras copias. A versión que dou coma de referéncia é practicamente a correspondente ao livro violeta simplificada cos signos de repetición.

O acorde final douno tal e como o correxíu Adalid enriba da copia do livro negro con lápiz. Somentes o retocou lixeiramente pra evitar, posibelmente, as quintas directas que se producían, xa que o compositor modificara somentes o baixo pero non o soprano.

O que parecía debaixo da corrección era o seguinte:



O que parecía nos livros verde e violeta era o seguinte:



No livro violeta presentanse na terceira estrofa unhas lixeiras variantes na parte vocal que a continuación dou:



M.A.1, nº 18.— «Le lever». Poésie d'A. de Musset.

Parez esta «mélodie» nos tres livros —verde, violeta e máis no negro—.

Presentanse duas versións. Dunha banda a correspondente aos dous primeiros livros e doutra a correspondente ao terceiro. Dou as duas coma versións de referéncia.

A primeira delas cronolóxicamente pódese considerar, en certo modo, coma unha das menos afortunadas de Adalid, e o feito que na revisión derradeira —a do album *«María»* ou livro negro que data do ano 1880— lle dera unha nova fisonomía —sen deixar a harmonía de cornos no acompañamento— pode corroborar esta sospeita. Non obstante nunha edición primeira de todas as cancións de Adalid é obrigada a súa inclusión. Doutra banda coido que pode resultar muito interesante comparar e calibrar o traballo de composición e de remodelación dunha mesma idea ao longo de sucesivas etapas representadas aquí polos tres livros.

A copia do livro verde considéroa personalmente coma lixeiramente inferior á do livro violeta a pesares de seren somentes dous os retoques feitos polo autor. Dou na versión de referéncia prá primeira versión a solución do livro violeta, e aquí a continuación indico as variantes do livro verde:





No livro violeta somentes parecen as duas primeiras estrofas. Na versión que dou de referéncia tamén incluio a terceira que parez no livro verde.

Nin o livro verde nin o violeta presentan indicación de tempo. Posibelmente poda ser interpretada esta carência coma unha convención do tempo moderato. O feito de que no livro verde o compaso indicado sexa o binario e no violeta o de catro por catro (𝄵 e máis 𝄴 respectivamente) pódenos orientar neste senso. Doutra banda hai que considerar que esta omisión é muito frecuente en Adalid e non se pode atribuir a despiste dado o caracter sumamente meticuloso e ordenado do compositor, que se reflexa na conservación e ordenación dos seus autógrafos, edicións e biblioteca musical en xeral.

Esto polo que respecta á primeira versión de tal canción.

Polo que respecta á segunda somentes dicer que non presenta máis que unha estrofa a pesares dos signos de repetición. Coido que se pode contar tamén coas outras duas sen escrúpulos de ningún tipo.

M.A.1, nº 19.— «Derniers vers» d'A. de Musset.

Parez esta «mélodie» nos tres livros —verde, violeta e máis no negro—.

Ainda a partires dun mesmo tema Adalid fai en cada un destes livros unha versión distinta. A pesares de que personalmente prefiro algunha delas ás outras, incluio aquí as tres versións tal e como o seu autor as deixou.

M.A.1, nº 20.— «Les champs». Poésie de Beranger.

Parez esta «mélodie» nos tres livros —verde, violeta e máis negro—.

Existen duas versións diferentes, a primeira correspondente aos dous primeiros livros e a segunda ao album *«Maria»* ou livro negro. Dou ambas.

O livro violeta presenta somentes duas estrofas pero, penso, pódeselle aplicar tamén a que presentan as outras duas copias.

Ademáis de ésta o livro verde presenta, comparandoo ao livro violeta, as seguintes diferéncias:

—A indicación de tempo é «vivo molto» que é unha indicación muito menos usada que a de «vivo assai».

—Presenta dous compasos, antes do primeiro, iguais aos primeiro e segundo que apunto máis abaixo.

—O compaso nº 11 é igoal no livro verde ao 3º de estas notas. E os núms. 27, 28, 29 e 30 aos núms. 3, 4, 5 e 6, respectivamente.

—A canción a da por rematada no compaso nº 70 sen lle engadir coda algunha.

A continuación especifico as diferéncias do livro verde respecto do violeta que dou coma versión de referéncia:



M.A.1, nº 21.— «Sur les bords du ruisseau». Poésie de Clement Caraguel.

Parez esta canción nos livros verde e violeta.

Non é esta unha das cancións máis logradas do compositor coruñés e o feito de que il mesmo non a incluira no seu derradeiro album —o libro negro— é muito significativo a este respecto. A versión que presento é a correspondente ao livro violeta, xa que o livro verde non presenta respecto deste máis que lixeiras diferéncias que coido innecesarias aportar.

Nin unha copia nin a outra presentan indicación de tempo, auséncia que debemos interpretar como a suposición tácita do tempo de moderato.

M.A.1, nº 22.— «Pour une quête». Poésie de Lamartine.

Somentes parez esta «mélodie» no livro verde.

Trátase, ao igoal ca anterior, dunha canción que Adalid non traballou posteriormente. No caso desta que estamos a tratar, soio na primeira ocasión —o livro verde—. Pódese considerar, na miña opinión, máis que nada coma un exercicio de composición xa que o seu valor artístico é bastante baixo.

M.A.1, nº 23.— «Aubade». Poésie de Victor Hugo.

Parez esta canción nos tres livros —verde, violeta (dúas copias) e mais no negro—.

Constituien duas versións distintas. Dunha banda a que corresponde aos livros verde e máis ao violeta, e doutra a que corresponde á segunda copia do livro violeta e máis ao livro negro. Dou ambas versións.

A primeira delas non presenta indicación algunha de tempo en ningunha das duas copias. Estas entre sí non presentan máis que duas lixeiras variantes. Unha correxida xa na primeira copia polo propio compositor e outra que dou a continuación, é dicer, dou a solución do livro verde xa que a copia do livro violeta é a que dou coma de referéncia:



No livro negro no compaso 13 o «la» suliñado con un * resulta un pouco extrano. Cecais se trate dun erro.

A segunda copia do livro violeta e máis a do livro negro ainda que corresponden á misma versión da canción presentan algunhas diferéncias motivadas pola variación do texto. Por esa razón dou as duas copias.

M.A.1, nº 24.— «Le desespoir». Poésie de Lamartine.

Parez esta canción nos livros verde e violeta.

Neste último a canción leva outro texto correspondente a un poema de A. de Musset tiduado *«Rapelle toi»*. Hai algunhas pequenas diferéncias entre as duas copias que se deben ao texto indudabelmente.

No livro violeta parez autógrafo en lapiz do compositor unha anotación da traducción ao castelán feita dun xeito bastante rápido xa que ficou sin acomodar á melodía.

M.A.1, nº 25.— «Mignone». Poésie d'Armand Silvestre.

Parez esta canción nos livros verde e violeta.

Dou coma de referéncia a copia do livro violeta por ser posterior, xa que as duas pertencen a unha única versión da canción.

No livro violeta non parez indicación de tempo algunha que podemos supoñer coma unha convención de moderato. A do livro verde non deixa de ser particular; reza así: «Con moto ma non troppo lento».

Apunto a continuación as pequenas diferéncias que presenta a copia do livro verde respecto da do livro violeta que dou de referéncia:



M.A.1, nº 26.— «La source». Poésie d'A. Silvestre.

Parez nos tres livros —verde, violeta e máis no negro—.

Nas tres ocasións a versión presentada é a mesma. O livro verde e o violeta coinciden nota por nota presentando algunhas lixeiras diferéncias co livro negro. Dou coma versión de referéncia a derradeira copia —a do livro negro ou album *«Maria»*—.

É importante advertir que o compaso nº 13 dos livros verde e violeta extendese no livro negro a tres compasos, 13, 14 e 15 co que queda corrida en dous compasos a numeración destes a partires de aquí.

Doutra banda a indicación de tempo no livro violeta non parez e no livro verde reza do seguinte xeito: «Allegretto quasi Andantino». Neste mesmo livro o tíduo da canción indícase así: *«Talleatins»*, *«La source»*. Poésie d'Armand Silvestre.

A continuación dou as diferéncias do livro violeta con respecto á versión de referéncia:



E a continuación as diferéncias dos livros verde e violeta respecto do livro negro:





M.A.1, nº 27.— «Mignone» «Chanson». Poésie d'A. Silvestre.

Parez esta canción somentes no livro verde e no violeta.

No livro violeta presenta un texto distinto, en castelán sobor dun poema de Selgas. O tíduo da canción reza: *«La virtud»*. Poesía de Selgas.

No livro violeta non parez ningunha indicación de tempo, no livro verde indícase «Quasi andante», o que pode corroborar a suposición de que a ausencia de indicación de tempo débese interpretar coma a convención de que é un moderato.

Además da diferéncia que representa o cambeo de texto e as suas concomitancias musicais aprécianse tamén algunhas diferéncias de acabado. Percíbese unha maior madurez en *«La virtud»* que en *«Mignone»*. Por ambas razóns dou as duas versións coma versións de referéncia.

M.A.1, nº 28.— «Les primesaults». Poésie d'A. Silvestre.

Parez esta canción nos livros verde, violeta e máis no negro. Tamén parez na edición de Antonio Romero de seis canciós de Adalid.

Todas elas constituien a mesma versión da canción. Dou de referéncia a correspondente ao livro negro, que posibelmente sexa a derradeira, incluso posterior á edición.

Entre unhas e outras existen unhas diferéncias muito pequenas; as máis relevantes as dou a continuación (pertencen ao livro violeta):



Na edición de Romero preséntase tamén a traducción do texto ao castelán pra se poder cantar nesta língoa. É coma sigue:

Desapareció la dulce maga,
que el mundo bello me fingió,
Del alma la esperanza vaga:
Por siempre ¡Ay Dios! desapareció.) Bis.
Luz que en la mente fiel ardía
¿Quién tus fulgores apagó?
Contigo la grandeza mía
Por siempre ¡Ay Dios! desapareció.) Bis.
Del corazón error dichoso
Don que el Cielo nos bajó
Ilusión de un amor venturoso,
por siempre ¡Ay Dios! desapareció.) Bis.

En ningún dos tres autógrafos parez indicación de tempo. A que fago constar na versión de referencia tomeina da edición de Romero.

M.A.1, nº 29.— «Triste esperance enfant». Poésie de V. Hugo.

Parez esta canción no livro verde e máis no violeta.

Coma as modulacións das dúas versións, son distintas dou as dúas.

M.A.1, nº 30.— «Le papillon». Poésie de Lamartine.

Parez esta canción nos tres livros, verde, violeta e máis no negro.

Entre as tres constituien duas versións, dunha banda a primeira, a dos dous primeiros autógrafos, e doutra a do derradeiro album. Dou ambas coma versións de referéncia.

Entre as duas copias que constituien a primeira versión non existen diferéncias xa que as que había xa constan correxidas no livro verde da mao do propio autor en lápiz.

M.A.1, nº 31.— «Pensée des morts». Poésie de Lamartine.

Parez esta canción nos livros verde e máis no violeta.

Trátase de duas versións somentes diferentes externamente xa que a súa estructura melódica e armónica é a mesma. Dou coma referéncia a copia do livro violeta e omito as múltiples diferéncias por me pareceren éstas pouco relevantes e por non facer prolixo este apéndice innecesariamente. Anoto nembargantes os catro primeiros compasos que foron suprimidos logo, na copia do livro violeta, polo propio compositor e que fan función de preparación á entrada da voce:



Hai que advertir que iste mesmo motivo de semicolcheias orixina tamén o interludio de piano entre a primeira e a segunda vez coa salvedade de que no livro violeta parez tres oitavas máis alto e a harmonía condensase nos acordes da mao esquerda.

Transportei a mi menor o fragmento pois a copia do livro verde está un semitón máis alto, é dicer en fa menor.

Na copia do livro violeta non parez indicación de tempo que no livro verde é «tranquillamente».

M.A.1, nº 32.— «Invocation». Poésie de Lamartine.

Parez esta canción nos livros verde e máis no violeta.

A primeira delas está na tonalidade de la bemol maior e a segunda en sol.

Non é ésta unha das millores cancións de Adalid e xa que as versións non presentan diferéncias relevantes dou somentes a derradeira versión.

No livro verde a canción parez escrita en 3/4. O compositor agruparía logo os compasos de dous en dous, tomaría coma pulsación a semimínima con ponto en lugar da mínima con ponto e pasaría a ser un 6/8 na versión do livro violeta.

A indicación metronómica do livro verde é *«Allegro agitato é con ánima».*

M.A.1, nº 33.— «Barcarolle romantique».

Parez esta canción nos livros verde, violeta e máis no negro.

Nas tres copias dáse a mesma versión desta canción salvo lixeiras diferéncias na linea vocal coa conseguinte variación da mao dereita, diferéncias que aponto a continuación:

—Diferéncias do livro verde respecto da versión de referéncia (livro negro):



—Diferéncias do livro violeta respecto da versión de referéncia (livro negro):



Unha diferéncia curiosa ainda que intrascendente é a dos compasos 17 e seguintes do livro violeta, nos que se vai alternando o la b:



En ningunha das tres copias parez o nome do autor do texto.

M.A.1, nº 34.— «Chant d'amour». Poésie de Lamartine.

Parez esta canción somentes nos livros verde e violeta.

Forman estas duas copias a mesma versión. Dou coma referéncia a copia do livro violeta por ser posterior e anoto as muito pequenas diferéncias que na parte vocal presenta o livro verde, sinalando tamén as diferéncias máis apreciabeis da parte de piano. Hei de suliñar que no livro violeta a parte de piano orixinalmente era idéntica á do livro verde, pro por enriba parecen algunhas correccións do propio autor que eu incorporo á versión de referéncia.





M.A.1, nº 35.— «Les preludes». Poésie de Lamartine.

Parez esta «mélodie» nos tres livros, verde, violeta e máis no negro.

En cada un deles parez dun xeito distinto. No livro negro atopámola cun texto italián *«I gondolieri»*, que a diferéncia das outras duas no que a texto se refire. Dou coma referéncia a do livro negro e a do violeta.

No livro verde e no violeta presenta idéntica estructura salvo en as muito pequenas diferéncias que apunto máis adiante. Ademáis desto a sección A' —a canción ten forma A B A'— do livro verde ven sendo unha repetición de A no que ao acompañamento se refire, pois, ao contrario que a copia do livro violeta que o presenta variado respecto de A, na primeira copia cronolóxicamente segue o mesmo ritmo de semiminimas e colcheias.




74
ter - re ou l'on ai - me E - va - nouis-sons nous
79
de mê - me En un sou - pir un sou - pir mé - lo -
f
84
- dieux En un sou - pir un sou-pir mé - lo - dieux
f
p
89
en un sou - pir un sou-pir mé - lo - dieux
p



Penso que tanto a solución do livro verde como a do violeta son igualmente válidas prá interpretación da sección A': a primeira dalle coherência e a segunda préstalle variedade.

Nin no livro violeta nin no negro parez ningunha indicación de tempo que coma, xa indiquei en ocasións semellantes, deberá ir interpretado coma un moderato, suposición avalada polo feito de que a indicación metronómica no livro verde é de «Moderato. ♩ = 76».

M.A.1, nº 36.— «————». Poésie de Lamartine.

Parez esta canción somentes no livro violeta. Temos xa rematado o livro verde. No livro negro non parez.

Non consta ningún títduo pro se lle podia dar, seguindo unha tradición muito extendida e o exemplo de muitas destas «mélodies», o do primeiro verso: *«S'eveiller le coeur pur»*.

Ao se tratare dunha versión única non leva anotacións doutras copias ou versións.

A pesares de que os compasos 34 e seguintes son unha repetición dos 19 ao 33, non os quixen simplificar porque a liña vocal presenta muitas diferéncias debidas á medida e acentuación do texto que o farían confuso.

M.A.1, nº 37.— «La double chasse». Poésie de Beranger.

Parez esta canción nos livros violeta e máis no negro.

Neste derradeiro parez baixo do títduo de *«Chansonnette»*.

Estas duas copias constituien duas versións distintas ainda que irmáns.

Dada a brevedade da canción incluio coma versións de referéncia ambalasduas. A continuación dou unha variante que se presenta no livro violeta dunha repetición á outra —Adalid non simplifica mediante os signos as repeticións—.



No livro violeta non parez indicación metronómica que posibelmente se trate dun moderato igual que na copia do livro negro.

As derradeiras estrofas que parecen no livro negro son tamén aplicabeis á copia do livro violeta.

M.A.1, nº 38.— «Chanson pastorale». Poésie de Victor Hugo.

Parez esta canción nos livros violeta e máis no negro.

Ainda que baseadas na mesma ideia musical corresponden a duas versións distintas, por esa razón dou ambas.

A que pertence ao livro violeta non presenta indicación de tempo, que se pode supor coma moderato, non obstante a indicación de aire do livro negro, animato, pode servir, cecais, á do livro violeta.

Nas versións que dou de referéncia simplifiquei en ambolos dous casos as repeticións mediante os signos correspondentes.

M.A.1, nº 39.— «Serenata». Poésia de E. González Pedroso.

Parez esta canción nos livros violeta e máis no negro.

Trátase de duas versións distintas ainda que irmáns. Dou ambas coma versións de referéncia.

Seguindo o seu costume Adalid omite no livro violeta a indicación de tempo por se tratare dun moderato, como podemos comprobar logo no livro negro onde se lee: «Moderato ma non troppo».

M.A.1, nº 40.— «La lisonjera». Poesía de Selgas.

Parez esta canción somentes no livro violeta.

Xa que logo non hai opcións de cancións diferentes.

Na copia presentada simplifiquei as repeticións escritas no autógrafo adalidián mediante os signos correspondentes.

Personalmente opino que esta é unha atractiva canción coa sinxeleza i economía de elementos que caracterizan a madurez dos criadores.

M.A.1, nº 41.— «El pescador». Poesía de Espronceda.

Parez nos livros violeta e máis no negro.

Dou coma referéncia a do livro negro por ser a derradeira copia e constituiren entre ambalas duas unha soia versión. De todolos xeitos a continuación dou as diferéncias do livro violeta respecto da versión de referéncia.

A primeira diferéncia refírese aos compasos 12 ao 18 que na copia máis anterga, a do livro violeta, condensabánse en tres compasos:



A segunda diferéncia atopámola despois da terceira e derradeira estrofa. No livro violeta os compasos correspondentes aos núms. 55 ao 62 do livro negro están condensados en dous:



Coido que as solucións presentadas no livro violeta pódense considerar tan certeiras como as do livro negro. A razón que me moveu a dar a derradeira delas como de referéncia foi precisamente o de ser a derradeira e, xa que logo, a que o propio Adalid escolleria.

Nin no livro violeta nin no negro aparecen indicacións de tempo, que por esa razón deberáse interpretar coma un moderato.

M.A.1, nº 42.— «Le crucifix». Poésie de Lamartine.

Non parez esta canción máis que no livro violeta.

Por esta razón non teño aquí diferéncias coas outras copias que anotar. Dou a canción tal como parez no autógrafo adalidián.

M.A.1, nº 43.— «La branche d'amandier». Poésie de Lamartine.

Parez esta «mélodie» nos livros violeta e máis no negro.

Cada unha destas copias constituie unha versión distinta, razón pola que incluio ambas coma versións de referéncia.

A segunda estrofa das tres que presenta o livro violeta pode ser tamén intercalada entre a primeira e a segunda da copia do livro negro.

M.A.1, .nº 44.— «La fauvette». Poésie de W. Wilder.

Parez nos livros violeta e máis no negro.

Ainda que se trata da mesma versión da canción, presentan tan numerosas diferéncias as duas copias entre sí que me vin obrigada a dar as duas coma versión de referéncia.

No livro negro non parez o nome do poeta que sí consta no violeta e, a pesares dos signos de repetición, non parez a segunda estrofa que obviamente poderemos tomar da outra copia.

No livro negro parez unha corrección a lápiz nos compasos 33 e máis 34 que anoto a continuación. No autógrafo consta somentes a indicación da harmonía enriba do baixo cifrado que eu dou aquí realizado. Deixo coma referéncia a copia orixinal.



M.A.1, nº 45.— «Hier le vent du soir». Poésie de V. Hugo.

Parez nos livros violeta e máis no negro.

A pesares de seren as duas a mesma versión, a primeira delas presenta unha introducción pianística, que logo serve de interludio, da que carez a copia do livro negro. Además hai muitas pequenas diferéncias entre ambas que me obligan a facer constar as duas.

No livro violeta parez unha pequena corrección da parte vocal do compaso 7 da man do propio autor. A versión de referéncia que oferezo a leva incorporada. Sen correxir sería así:

O texto resulta máis forzado ao prolongar a sílaba «souf» e facer demasiado pequena a segunda sílaba da palabra, «fle».

No livro negro temos tamén outra corrección de maior calibre ca anterior. Atópase nos compasos 16 e 17 —e na súa repetición nos compasos 36 e 37— na parte de piano e afecta á harmonía. Na versión de referéncia dou a corrección e aquí embaixo o orixinal:



M.A.1, nº 46.— «L'hirondelle». Poésie de Jules Barbier.

Parez esta «mélodie» nos livros violeta e negro.

A pesares de ser as duas fillas da mesma ideia musical constituien duas versións distintas da mesma. Por esta razón dou ambas coma versións de referéncia.

No livro violeta parez unha cuarta estrofa que non parez no negro. Coido que o intérprete que o desexe pode tomar esta cuarta estrofa prá interpretación desta canción segundo a versión do livro negro sin o maior escrúpulo purista.

M.A.1, nº 47.— «Declaration». Poésie de Victor Wilder.

Parez esta canción nos livros violeta e máis negro e na edición de Antonio Romero de media dúcia de «mélodies» adalidians.

Posibelmente estas 6 cancións editadas por Romero foran editadas precisamente despois da copia do livro violeta e antes do livro negro.

Por esta razón dou coma versión de referéncia a do livro negro —nos tres casos trátase da mesma versión— xa que cronolóxicamente é a derradeira. Os dous autógrafos son idénticos nota por nota. A edición de Romero presenta unhas pequenas diferéncias que sinalo a continuación:





Como era norma nesta edición de Romero cada canción leva un doble texto, o orixinal francés e unha libre traducción ao castelán. A desta é como segue:

Ah! rechaza su homenage,
Las protestas de su afán:
Crée solo en el lenguage,
Que mis ojos te hablarán.) Bis.
Sí, desprecia su alabanza,
Sus lisonjas, su rogar;
Mas confirma la esperanza,
Que en mis ojos ves brillar.) Bis.
Si á la boca causa enojos
Formular su confesión,
En el fuego de mis ojos
Bien conoces mi pasión.) Bis.

M.A.1, nº 48.— «Berceuse».

Parez esta canción nos livros violeta e máis no negro.

Aínda que constituien duas versións con poucas diferéncias, éstas son o suficientemente importantes coma pra xustificaren o dare as duas coma versións de referéncia —por exemplo a modulación central que no livro violeta vai a fa menor e no negro a la menor—.

No livro negro a canción leva o tíduo de *«Dormeuse»* e desgraciadamente, ao igoal que no livro violeta, non parez o nome do autor do texto.

M.A.1, nº 49.— «Ma nacelle». Poésie de Beranger.

Parez esta canción nos livros violeta e máis no negro.

Ambalas duas copias constituien a mesma versión con lixeiras diferéncias. Así no livro violeta non parez a introducción pianística que parez no negro —copia esta que dou de referéncia por ser a derradeira—.

A tíduo de información dou aquí as diferéncias que presenta a copia do livro violeta respecto á que dou de referéncia (livro negro) nos compasos 37 ao 43. A solución que presenta o livro violeta é, coido, de inferior calidade á do livro negro e xa Adalid no mesmo orixinal correxiu por enriba en lápiz este pasaxe:



Doutra banda hei de anotar que no livro negro non se especifican as ligaduras que unen as colcheias do baixo e que parecen no livro violeta durante toda a canción do seguinte xeito:



probabelmente por se daren por supostas.

M.A.1, nº 50.— «Der König von Thule».

Parez esta canción nos livros violeta e negro.

Ainda que a ideia musical xeratriz das duas cancións é a mesma, cada unha delas é unha versión distinta, ademáis o texto varía dunha á outra. O tíduo alemán corresponde á versión do livro violeta, no livro negro parez o seguinte encabezamento: *«Le roi d'Ivetot» (Chanson grotesque)*. Poésie de Beranger.

Por existiren tantas diferéncias entre ambas copias é forzado incluir as duas versións coma de referéncia.

No livro violeta non parez o autor do texto alemán, que se trata de Goethe.

Na copia do livro negro falla a terceira estrofa da que somentes parez este primeiro verso: «Il n'avait de gent onereux».

M.A.1, nº 51.— «Serenata». Poesía popular.

Parez esta canción somentes no livro violeta.

En certo modo ten pouco que ver esta canción co resto da colección no que a estilo se refire. Exprícome: Estamos diante dun tipo de canción que se podería denominar española dentro dun contexto de cancións, que como o seu nome xenérico de mélodies indica, están máis perto do concepto de lied europeo que do de romanza ou do de canción española. É muito significativo a este respecto que Adalid logo no seu album derradeiro non recolla esta canción.

O «coro» que parez ao remate personalmente non sei coma interpretalo: ¿É ésta unha reducción pra voces e piano dalgunha romanza de zarzuela?, ¿É o esquema pra unha posterior orquestación? A dúbida fica no ar.

Polo que respecta aos tempi coido que se pode supoñer que o 6/4 debe levar unha pulsación dunha duración doble da do 6/8.

M.A.1, nº 52.— «Las estrellas». Poesía de Selgas.

Ista canción non parez máis que no livro violeta.

Por esta razón douna tal e como alí parez, xa que non hai lugar a diferéncias con outras copias ou disparidade de versións.

M.A.1, nº 53.— «El nombre misterioso» (Balada). Poesía de Antonio Arnao.

Parez esta canción somentes no livro violeta.

Igoal ca anterior non hai lugar a diferéncia de copias nin disparidade de versións. Douna tal e como parez no autógrafo adalidián.

Xa que non parez indicación de tempo deberáse interpretar coma un moderato.

M.A.1, nº 54.— «La imagen». Poesía de Selgas.

Parez nos livros violeta e máis no negro.

Neste último parez baixo o tíduo de *«Serenata»* correspondendo a un texto do mesmo poeta, Selgas.

A pesares de estaren basadas estas duas copias na mesma ideia musical —na sua dimensión melódica como armónica—, o feito de levaren distinto texto fai delas duas cancións o suficientemente distintas como pra me ver obrigada a dar as duas coma versións de referéncia.

Polo que respecta á versión do livro negro abreviei a terceira repetición condensándoa coas primeira e segunda, mentras que o compositor as especificaba todas. De paso correxín o que me pareceu un erro: No compaso nº 7 parecía no acompañamento o seguinte:



nas primeiras e segunda veces, e na terceira a que dou na copia de referéncia prás tres.

O tempo prá versión do livro negro toméino do que parecía no livro violeta a que alí non constaba. Penso que neste caso pódese interpretar esta omisión dun pequeno despiste do compositor e non dunha suposición de moderato xa que o esprito da canción é o mesmo en ambalas duas versións.

M.A.1, nº 55.— «Ave María».

Unha vez rematado o livro violeta comenzamos coas cancións do livro negro que non parecian nin no verde nin no violeta e que por esa razón podemos supoñer posteriores ao violeta.

Esta canción soio parez no livro negro.

Douna tal e como parez no autógrafo adalidián.

M.A.1, nº 56.— «Ave María». (Outra).

Parez somentes no livro negro.

Douna tal e como consta no autógrafo de Adalid.

M.A.1, nº 57.— «Le nid».

Non parez esta canción máis que no livro negro.

Douna tal e como parez no autógrafo do autor.

Desgraciadamente non consta o nome do autor do texto.

M.A.1, nº 58.— «Barcarola infernal».

Parez esta canción somentes no livro negro.

Desgraciadamente non consta o texto da canción polo que a sua interpretación vese bastante coartada. Tampouco está indicado poeta algún, dato que poderia facilitar a percura do texto.

Como nota curiosa diréi que esta canción está escrita prá voz de baixo, na súa chave de fa, e constituie un caso único até agora nesta colección de cancións, todas na chave de sol.

M.A.1, nº 59.— «Halalí».

Parez esta canción somentes no livro negro.

O texto desta canción resulta particular xa que é simplemente a repetición da palabra «Halalí».

A indicación das voces resulta un tanto confusa xa que ao escomenzo topámonos con dous «basses» na súa chave de fa e logo na segunda parte con dous tenores na súa chave de do en cuarta.

Cecais fora millor, por comodidade das voces, a interpretación desta canción cun baixo e un tenor dende o principio, deste xeito cada un deles abranguiría unha tesitura de oitava. De todolos xeitos ésta non deixa de ser unha proposta personal e dou a canción tal e como parez no autógrafo do seu autor.

Excuso dicer que non parece o nome do autor do texto.

M.A.1, nº 60.— «—»

Parez somentes esta canción no livro negro.

Non presenta nin títduo nin o nome do autor do texto. Suxíro que pra paliar alomenos unha destas fallas, a do títduo, se lle poña o do primeiro verso: *«Rose midose»*.

Dou a canción tal e como parez no autógrafo adalidián simplificando as repeticións cos seus correspondentes signos.

M.A.1, nº 61.— Melodía.

Parez somentes esta canción no livro negro.

Non consta o nome do autor do texto. Dou a versión de referéncia tal e como parez no autógrafo do compositor.

M.A.1, nº 62.— «Prière».

Somentes parez esta canción no livro negro.

Esta canción presenta un curioso carácter coral homofónico no acompañamento pianístico e unhas particulares reminiscéncias arcaizantes nas armonías empleadas.

Amáis destas observacións quero chamar a atención sobre dos compasos 13 e máis 31. O xiro melódico neles é muito semellante —a diferéncia radica na tonalidade—. Por esta razón resistinme a poñer diante do segundo si que parez na mao esquerda do compaso nº 13 e diante do segundo mi que parez na mao esquerda no compaso nº 31, os seus correspondentes bequadros a pesares de me parecer máis apropiados ca alteración. Pro como é muita casualidade que nun autógrafo «correxido e revisado» polo seu propio autor —que era non esquenzamos un home muito cuidadoso— se resista o mesmo «erro», deixei as alteracións tal e como parecen no autógrafo de Adalid.

Notas pra os
CANTARES VIEJOS
Y NUEVOS DE GALICIA

M.A.2, nº 1.— «Bágoas e sonos». Poesía de F. G. de A.

Parez esta canción no livro violeta, no negro e máis na edición de Canuto Berea.

Por primeira vez parez no livro violeta e logo levemente reformada no album *«María»* ou livro negro na versión que logo —ou antes— iria ao prelo.

Na versión máis vella, a do livro violeta, o texto é de Víctor Hugo e o seu tíduo é *«Amour»*. Está estructurada en tres frases, ou mellor dito nunha frase que se repite por tres veces. Dista frase sai a que é xeneratriz da versión do livro negro e definitiva, que un pouco máis ampliada e repetida duas voltas máis forma a canción. Dou esta versión primeira aparte porque coido que pode resultar muito enriquecedor observar como Adalid volve traballare sobre de música xa escrita noutra época e sempre cun retoque de mellora ou de simple variación. Así neste caso pódense ver os compasos 3º, 5º, 8º, 10º. Na versión ulterior engade os compasos 16 ao 21 e ao final varía a desinencia proporcionándolle na nova versión maior interés.

A segunda copia, a do livro negro, leva o tíduo de *«Saudade»*. Presenta nos dous derradeiros versos do texto unha lixeira variación respecto aos da edición: No livro negro léese:

«O meu sono e meu vivir
Polo día o dormillar»

E na edición de C. Berea:

«Vivo n'hora d'o dormir
Sono n'hora d'o vagar».

Afinando un pouco a pontería podemos deducir de aquí e das fallas da edición respecto ao autógrafo que a edición é posterior ao manuscrito. Coido, a pesares de que a miña especialidade non é a poesía, que a solución pra os dous derradeiros versos editada é mellor que a do autógrafo —e xa que logo posibelmente posterior—. Doutra banda os erros ou omisións do grabador fanse a partires do correcto. Dun erro costa máis facer unha copia correcta ainda que a faga o propio compositor —non hai ningunha tachadura nin enmenda no autógrafo—. Esta suposición casa así co feito de que da data de revisión do album *«María»* é «setbre. de 1.880» e a nova de Rodríguez Mourelo de Decembro do mesmo ano na «Ilustración Gallega y Asturiana» sobor dista canción —que acompaña un artigo seu sobre de Adalid onde dá *«Bágoas e sonos»* por todavía inédita— é anterior á edición da terceira série dos *«Cantares»* por C. Berea.

M.A.2, nº 2.— «A Bordo». Poesía de F. G.

Parez esta canción nos livros violeta, negro e máis na edición.

En cada un destes casos trátase dunha versión distinta.

Entre a primeira e a segunda copia hai diferéncias na música, a pesares de se corresponderе a unha mesma ideia musical e a un mesmo texto: *«Lágrimas fecundas»*, de Selgas, mostra enésima do meticuloso traballo de melloramento das suas propias obras do autor.

Entre a terceira versión e a segunda hai diferéncia de texto coa conseguinte diferéncia na liña vocal, mínima en todo caso e debida a axuste de acentos e número de sílabas.

Por estas razóns dou duas versións. A primeira correspondente á versión máis vella —do livro violeta— simplificando as repeticións nos signos correspondentes, e a segunda a correspondente á versión da edición.

Hei de indicar que na versión castelán desta última a terceira repetición é innecesaria por constar o texto de duas estrofas. Aporto a continuación a liña melódica desta segunda copia da canción polas pequenas diferéncias debidas ao texto en distinto idioma enriba indicadas, e además engado as pequenas diferéncias que presenta na parte pianística coa edición:



Coma non parez na 2ª nin na 3ª versión indicación algunha de tempo, deberáse interpretar coma un moderato. Esta hipótese pódese avalar polo feito de que na 1ª versión a indicación de tempo é «tranquillamente».

M.A.2, nº 3.— «Foi pol'o mes de Nadal».

Parez nos livros violeta e negro e máis na edición de Canuto Berea.

Trátase da mesma canción con tres textos distintos.

A primeira delas presenta un texto de Selgas, *«Misterios del amor»*, e a sua elaboración musical é anterior ás outras. Como varía un pouco no que á música se refire a dou íntegra simplificando as repeticións nas suas correspondentes abreviaturas.

A segunda e a terceira copias son unha mesma versión con distinto texto. Dou coma referéncia a galega por ser ulterior i editada e aquí nestas notas incluio o texto da versión en castelán que parez no livro negro sin indicación de autor:

«Esas que besan los vientos
Agrupadas florecillas,
Que en sus dulces movimientos
Nos parecen tan sencillas
Son hermosos pensamientos.

El aura los enamora
Prendada de su belleza
Dulcísima perlas llora
Y ellos alzan la cabeza
Para mirar a la aurora».

M.A.2, nº 4.— «Afrixida». Poesía de F. G.

Parez nos livros violeta e negro e máis na edición de Canuto Berea.

Entre as tres constituien duas versións distintas. A correspondente ao livro violeta dunha banda con texto francés no que falta o autor do mesmo, e doutra a correspondente á versión do livro negro e máis da edición. Entre estas duas últimas copias existe unha diferéncia de texto: na primeira toma o texto francés que tamén parez no livro violeta —sin repetición de versos— e na segunda un poema en galego de Fanny Garrido.

Dou por estas razóns as duas versións íntegras.

M.A.2, nº 5.— «A Sorte». Poesía de F. G.

Parez esta canción nos livros violeta e máis negro e na edición de Antonio Romero e tamén na de Canuto Berea.

Estas catro copias da canción son prácticamente idénticas constituindo unha soia versión da canción. Nas tres primeiras ocasións o texto vai en francés. Antonio Romero facilita a traducción ao castelán como no caso das outras cinco cancións da edición de media dúcia de «melodías» de Adalid. É como segue:

«Talismán que fecundo
Engalanas la flor.
Que enriqueces el mundo
Con tesoros (bis) de amor.

Desprecio tu alegría
Que aumenta mi sufrir;
Quiero en la patria mía,
O gozar o morir.

Capital orgullosa
Del humano poder:
Residencia famosa
Del dolor (bis) y el placer.

Sólo mi pecho ansía
Lejos de ti partir
Quiero en la patria mía
O gozar o morir».

Nas tres ocasións nas que parez o texto francés non figura o nome do autor así como tampouco figura o nome do autor do texto castelán.

As diferéncias musicais practicamente non existen e soio as presenta a edición de Antonio Romero en contra das outras tres versións que presentan total igualdade entre sí.

Además das diferéncias que presenta a edición de Antonio Romero respecto ás outras copias e que a continuación dou, esta mesma edición imprime a repetición íntegramente e ao empalmar a segunda estrofa cos últimos compasos (21 ao 24 ambos inclusive) omite os compasos nºs 17, 18, 19 e 20 que tal e como parez nas outras versións deben repetirse integramente tras da derradeira estrofa.



Dou pois somentes unha versión dista canción xa que non hai máis que unha e incluio a continuación nistas notas a melodía vocal co texto francés e castelán da edición de Romero por si algún intérprete gustara de facela así:





M.A.2, nº 6.— «¡Pesóulle!». Poesía de F. G.

Parez nos livros violeta e negro e na edición de Canuto Berea.

Entre as tres copias constituien duas versións distintas, a máis vella dunha banda e da outra a do livro negro e a da edición. As duas primeiras copias levan un texto castelán de Campoamor, «Los dos miedos». De todolos xeitos a primeira versión da canción —do livro violeta— está basada na mesma ideia musical que a versión definitiva. Por esta razón presento duas versións: a correspondente ao autógrafo máis vello e a correspondente á edición de Canuto Berea. Debo clarexar, nembargantes, que esta última pódese interpretar co texto de Campoamor xa que así a escribíu Adalid no livro negro. Esta copia do livro negro somentes presenta unha pequena diferéncia coa edición que dou a continuación:



M.A.2, nº 7.— «Mágoas do corazón». Poesía de F. G. de A.

Parez esta canción no livro negro e máis na edición de Canuto Berea.

Son ambalas duas copias unha mesma versión.

Somentes, aparte do que poden ser erratas de imprenta na edición, parez unha diferéncia que non reviste a maior importancia: Trátase no compaso 18 do ritmo da liña vocal. No manuscrito é ♪ ♪ ♪. 𝅘𝅥𝅯 e na edición ♩ ♪ 𝅘𝅥𝅯 𝅘𝅥𝅰 Deixéi esta última na versión que dou coma de referéncia por me parecer a máis correcta dado que así segue a semellanza rítmica que observamos cada catro compasos.

No poema desta canción Fanny Garrido empregou un texto popular como noutras ocasións, como veremos máis adiante, que coincide co empregado por Rosalía de Castro no nº 22 dos seus «Cantares Gallegos»: «Máis o que ben quixo un día».

M.A.2, nº 8.— «Soedades». Poesía de F. G. de A.

Parez esta canción no livro negro e máis na edición de Canuto Berea.

Constituien ambas copias unha soia versión. A única diferéncia musical ostensibel entre as duas copias douna a continuación, que é a solución que dou Adalid nese pasaxe no livro negro:



Coido que é millor solución a da edición a pesares de ser mínima a diferéncia, ao menos no que se refire ao acompañamento, xa que lle dá variedade ainda mantendo un mesmo diseño.

Na edición hai unha indicación de repetición no compaso 25 que, é de supoñer, abarca dende o primeiro compaso. Polo contrario, no autógrafo de Adalid do livro negro, que non simplifica as repeticións nunha soia, senón que expón a primeira, e logo a segunda e a terceira as dá simplificadas, suprime o equivalente ao primeiro compaso da edición, que é a versión que ofrezco coma de referéncia. Personalmente coido que é o máis certeiro xa que mellora a frase musical incluíndo o primeiro compaso onde a voz cala e soio escoitamos o acompañamento. Nembargantes, coma sempre, é o intérprete quen ten a última palabra.

Polo que respecta ao poema esta vez reproduce tamén Fanny Garrido un texto popular. Trátase da primeira estrofa que tamén incluíu Rosalía de Castro no nº 17 dos seus «Cantares Gallegos».

M.A.2, nº 9.— «A Noite de San Xoan». Poesía de F.G. de A.

Parez esta canción no livro negro e máis na edición de Canuto Berea.

Ambas copias constituien unha soia versión cunha levísima diferéncia, que a continuación indico:



Pertence ao livro negro e deixo na versión de referéncia a solución que parez na edición. A parte desta diferéncia hai outra mui lixeira na indicación metronómica xa que no autógrafo ven indicada do seguinte xeito: «All° ma non troppo M. M. ♩ = 100».

M.A.2, n° 10.— «Miña Terra, Miña Terra». Poesía de F.G. de A.

Parez no livro negro e máis na edición de Canuto Berea.

Dou coma referéncia a copia da edición, xa que constituien ambas copias unha soia versión e non presentan máis diferéncias que as pequenas que a continuación dou:



M.A.2, n° 11.— «Canto do berce». Poesía de F.G. de A.

Parez no livro negro e máis na edición de Canuto Berea.

Estas duas copias son unha mesma versión facendo unha soia salvedade: A liña vocal no compaso 17: Tal e como vai escrito a verba, tanto na primeira estroia como na segunda, vai cortada por

un silencio!!! Decidín non obstante deixalo tal como estaba por unha razón i é que os indicadores *f* > *p* da parte débil do compaso 17 á parte forte do compaso 18 veñen a corroborar ese corte. A continuación dou a solución que presenta Adalid no livro negro autógrafo:



E a xeito de proposta da miña banda duas solucións da miña colleita:





Cecáis se trate este «Canto de berce» dunha das máis belidas canciós escritas por Adalid e causa pasmo a súa sinxeleza. Seguramente trátase dun canto de berce adicado á filla dos dous autores, poetisa e compositor, María. Nesta obra, que deixa traslucir o agarimo paternal, podíase un atrever incluso a falar da onomatopeia do abalar do berce no movimento de semitono —por exemplo entre o compaso 2º, e 3º, 3º e 4º— no baixo do piano e na voz —por exemplo nos compasos 5, 9, 10, 14, etc.

M.A.2, nº 12.— «Frouseira, triste Frouseira». Poesía de F.G. de A.

Parez no livro negro e máis na edición de Canuto Berea.

Atopámonos ante duas copias idénticas, ante unha mesma versión desta canción. Dou a copia da edición por ser precisamente «editada».

Esta lograda canción con texto de Fanny Garrido fálanos da traición que, según conta o mito, cometeron contra o presunto adalide da liberdade na Galicia medieval.

M.A.2, nº 13.— «A mala fada».

Parez no livro negro e máis na edición de Canuto Berea.

Constituien ambas copias a mesma versión con algunha lixeira diferéncia no compaso 15 que dou a continuación na solución que presenta o autógrafo do livro negro, xa que a solución da edición a deixo coma de referéncia:



I esto a pesares de me parecer millor solución a do autógrafo. Nembargantes coido que a da edición sería considerada polo propio autor como definitiva. Esa é a razón pola que a deixo na versión de referéncia.

No autógrafo non parece o texto que, a pesares de non estar indicado na edición, é con toda certeza da autoría de Fanny Garrido.

M.A.2, nº 14.— «Canta o galo, ven o día (popular)».

Parez no livro negro e máis na edición de Canuto Berea.

Ambas copias constituien unha mesma versión. Dou coma referéncia pois a da edición.

Esta melodía parez tamén na ópera *«Inés e Bianca»* no acto III e tamén parez na zarzuela *«Pedro Madruga»* —non esquenzamos que a ópera é unha especie de refundición da zarzuela— nun dos fragmentos que se conservan. Parez no nº 1, desgraciadamente non sabemos de qué acto. Consta coma «Aire popular de la ría de Vigo» da mao do propio compositor.

Unha vez máis atopamos unha coincidencia no texto con Rosalía. A primeira estrofa do texto desta canción serve de introducción ao cantar nº 4 dos «Cantares Gallegos» de Rosalía; esta coincidencia así como as reseñadas noutras cancións arriba mencionadas fainos pensar nun intercambio de material entre a cantora do Sar e o compositor coruñés. O feito de que a publicación dos «Cantares Gallegos» de Rosalía date do ano 1867 e, xa que logo, sexa anterior a publicación dos *«Cantares viejos y nuevos de Galicia»* —curiosa coincidéncia a da poetisa e compositor na denominación da súa obra, «Cantares»— de Adalid do ano 1877 non significa que fose precisamente Adalid o que tomou de Rosalía o material xa que a ópera é anterior a esa data, e a zarzuela orixinaria, *«Pedro Madruga»*, por esta razón é ainda anterior á ópera. Non temos as datas destas duas grandes obras adalidianas, nembargantes todo parece indicar que son como máis tardar de finais da década dos sesenta e principios da dos setenta. Seguramente o que realmente sucedéu foi que Adalid lle «prestou» a Rosalía textos populares como o presente —teñamos en conta que a música tamén é popular e que Adalid recolleria música e texto— e Rosalía lle «prestou» a Adalid os textos populares que figuran nas cancións anteriores a ésta nas que a música non é popular e o resto do texto tampouco. Ainda sabendo que Rosalía tiña coñecimentos musicais e que a sua musicalidade, coma se observa nas suas poesías non era precisamente pouca, é lóxico supoñer que o músico se preocupara por recoller datos populares musicais e a poetisa datos populares literarios. Penso que o máis lóxico é supoñer que entre estes dous, ou mellor dito tres —temos que contar con Fanny— ilustres fillos de Galicia cuia calidade artística vai parella coa sua calidade humán o que houbo foi un desinteresado intercambio de material.

Polo que respecta á presente edición pensei que era oportuno colocar os dous pontos de repetición tras da barra divisoria do compaso 8, xa que non parecían as indicacións de repetición nin no autógrafo nin na edición, presentando ambas tres estrofas. Nembargantes o intérprete é por suposto libre á hora de elixir o lugar de comenzo da repetición e pode facelo dende eu indico ou ben repetir todo dende o escomenzo.

M.A.2, nº 15.— «Canteiros e carpinteiros. (Canción popular)».

Parez no livro negro e máis na edición de Canuto Berea.

Ambas copias constituien unha soia versión. O autógrafo áchase incompleto no texto xa que somentes parez o primeiro verso («Canteiros e carpinteiros da vila de Pontevedra»).

Como sucede en varias ocasións nesta colección de cancións galegas de Adalid, atopámonos coa existencia de varias estrofas, neste caso duas, e a falla de signos indicadores de repetición. Dada a inexistencia de pistas, neste caso, nin no autógrafo nin na edición, propongo duas alternativas. A primeira sería repetir Da capo dende o primeiro compaso suprimindo o silencio de semimínima ao derradeiro compaso e sustituíndoo pola anacrusa que precede ao primeiro compaso, deste xeito o que na primeira volta é unha introducción instrumental convírtese na segunda volta nun interludio instrumental; a segunda solución podería ser repetir inmediatamente despois do derradeiro compaso dende o compaso 18, é dicer, suprimindo a introducción instrumental e retomando dende o empezo xusto do canto. Personalmente inclínome pola primeira solución, nembargantes esta opinión da que suscrive non debe coartar en ningún modo a liberdade do cantante á hora de elexir a opción prá sua interpretación.

M.A.2, nº 16.— «Sentate n'esta pedriña. (Popular)».

Parez no livro negro e na edición de Canuto Berea.

Ambalas duas copias constituien unha única versión da canción que dou coma de referéncia.

Polo que respecta ás repeticións pra segunda e terceira estrofas é de supoñer que, dado que non existe indicación de signos de repetición, haxa que facela dende o primeiro compaso. Neste caso non temos outra opción, xa que tentar facer a repetición dende o terceiro compaso —onde comenza o canto— careceria de sentido musical.

M.A.2, nº 17.— «Queixas. (Popular)».

Parez no livro negro e máis na edición de Canuto Berea.

En ambos casos trátase da mesma versión. Hai unha muito lixeira diferencia nos compasos 10, 11 e 12 xa que na edición figura legato o fa da parte inferior do piano mentras que no autógrafo parecen as tres mínimas sen ligadura ningunha. Sucede o mesmo nos compasos 19, 20 e 21 co do inferior do piano, e tamén nos compasos 22, 23, 24, 25 e 26 co do intermeio escrivido na parte superior do piano. Curiosamente co do inferior destes últimos compasos non se dá o mesmo caso, xa que tanto no autógrafo coma na edición parecen sin ligadura.

Este tema popular topámolo no cancioneiro de Inzenga —publicado poucos anos despois da morte de Adalid— na parte correspondente a «Galicia» co número XIV.

Adalid usou este tema na súa ópera *«Inés e Bianca»*, ainda que non como parez aquí senón nunha variante rítmica, na escena 4ª do primeiro acto, no coro das «fanciulle»:

M.A.2, nº 18.— «A Compaña. (Popular)».

Parez no livro negro e máis na edición de Canuto Berea.

Neste caso ainda tratándose da mesma ideia musical ambas copias non coinciden e forman duas versiós distintas.

Esta canción se trata posibelmente dunha elaboración artística ou culta do compositor a partires dun tema musical popular (*«N'o silencio misterioso dunha noite de luar»*) o que pode explicar tamén o que nunha copia faga unha versión e na outra unha distinta. Pola miña banda dou íntegras as duas versións.

Este tema foi usado por Adalid na zarzuela *«Pedro Madruga»*, no número quinto do primeiro acto cantada polo personaxe femenino de Eufemia —que casi con toda seguridade corresponde ao de Inés na ópera—. Posteriormente foi usado na ópera na escena primeira do primeiro acto cantado por Inés. Este tema e máis un puramente instrumental —unha alborada— vai vinculado a este personaxe femenino e o representa sempre que a sua presencia ou lembranza se atopa sobre do palco escénico.

Noutro orde de cousas o texto desta canción non parece de todo popular pro como non temos indicación de autor ningún nin no autógrafo nin na edición, non podemos emitir xuicio válido ao respecto. De non se tratar dun texto popular posibelmente sería de autoría de Fanny Garrido.

M.A.2, nº 19.— «Na fiada». (Canción popular).

Parez no livro negro e máis na edición de Canuto Berea.

O autógrafo e máis a edición constituien unha mesma versión musical da canción. O autógrafo ten coma primeiros versos os seguintes: «Mozas do meu arruare. Estas son as mazarocas qu'oxe temos de fiare». O resto do texto, que coincide co que vai na edición, está escrito a lápiz dun xeito rápido.

Este tema tamén parez no cancioneiro de Inzenga na sección de «Galicia» —nº XVI— co seguinte texto: «Veña o pandeiro ¡áruare! ou'estas son as mazarocas qu'hox'aquí hei de fiare».

Usou tamén este tema Adalid na súa ópera *«Inés e Bianca»*. Topámolo na escena primeira do primeiro acto. Corresponde aos cornos de caza de Diego, pai adoptivo de Inés. Douno aquí en sons reais xa que no orixinal está escrita pra catro cornos en re:



M.A.2, nº 20.— «¡Adiós meu meniño! ¡Adiós! (Antigua Cántiga popular)».

Parez no livro negro e máis na edición de C. Berea.

Nos dous casos trátase dunha mesma versión e, xa que logo, ofrezo a da edición coma versión de referéncia. Somentes existe un pequeno detalle de diferéncia: no compaso 21 a última colcheia do pentagrama inferior do piano parez no manuscrito coma do sostenido, mentras que na edición está coma do natural. Calisquer das duas versións poden ser válidas xa que se trata dun floreo.

Este mesmo tema parez no cancioneiro de Inzenga baixo do tíduo «Canto popular antiguo» na sección «Galicia» coma nº X. Presenta aquí unha segunda estrofa:

«Castellanos de Castilla,
Tratáde ben ós gallegos:
Cando van, van como rosas,
Cando vén, ven como negros».

Esta estrofa lle serviu a Rosalía coma remate e comenzo dun dos seus «Cantares Gallegos», o nº 28.

Este tema, posibelmente tomado do cancioneiro de Inzenga, serviulle a Amadeo Vives pra elaborare o intermeio da sua ópera de ambiente galego «Maruxa», e a Ravel pra escriver unha «Canción española» cuio acompañamento non é precisamente o máis adecuado a un tema galego. Esta canción do compositor vasco fora premiada na 5ª edición do concurso da «Maison du Lied» de Moscú no ano 1910.

M.A.2, nº 21.— «Axéitam'a polainiña (Canción popular)».

Parez no livro negro e máis na edición de Canuto Berea.

Ambas copias constituien unha soia versión, somentes hai unhas poucas diferéncias, bastante importantes doutra banda:

—A indicación de tempo no autógrafo é «Vivo ma non troppo», mentras que na edición é «Lento ma non troppo». Personalmente opino que a indicación máis axeitada é a primeira por se tratare dun tema bastante ritmado. Nembargantes deixo a indicación da edición por se tratar precisamente diso, da edición, e posibelmente a que o propio autor daría como definitiva. Ainda así non se pode rexeitar a posibilidade de se tratare dun erro de imprenta.

—As notas sol dos compasos 5, 6, 7, 16, 17 e 19 non levan no autógrafo o becuadro que parez na edición. ¿Qué é o máis correcto? Difícil resulta responder. Polo tema en sí, melódicamente é millor o sol bemol sempre, agora ben, dende o ponto de vista da coheréncia armónica é lóxico escriver enriba dunha pedal doble de fa un sol natural e non bemol. Insisto, se nos atenemos á pureza do tema folklórico é preferibel o sol bemol, pois niste caso o sol becuadro indica modulación ao tono da dominante e tal cousa é extrana á música popular.

—A terceira diferéncia achámola nos compasos 11, 12, 13 e 14; 18, 19 e 20, cuios respectivos sons pedais no pentagrama inferior do piano van ligados entre sí no autógrafo do livro negro. A miña opinión personal é que ligar os sons pedais dos compasos 12, 13 e 14 así como os dos compasos 18, 19 e 20 pode resultar millor que a outra solución. Coma sempre o intérprete terá a última palabra.

M.A.2, nº 22.— «A Xolda. (Canción popular)». Poesía de F.G.

Parez no livro negro e máis na edición de Canuto Berea.

Ambalas duas constituien unha mesma versión. No manuscrito tidúase *«Alborada popular»*. O texto da edición, segundo podemos deducir do encabezamento, é de Fanny Garrido, nembargantes no autógrafo os versos son populares e de todos conocidos:

«Viva, viva, viva don Pedro
Viva, viva, viva o Señor
Viva, viva, viva don Pedro
don Pedro Madruga de Soutomayor». (Bis)
A la la...».

E na repetición escrito rápidamente a lápiz «Fiandeira tira ca roca...» que coincide coa letra da edición.

Este tema usouno Adalid na súa zarzuela *«Pedro Madruga»* no nº 4 do primeiro acto e tamén na súa ópera *«Inés e Bianca»* na primeira escena do acto terceiro.

M.A.2, nº 23.— «Non te quero por bonita. (Popular)».

Parez no livro negro e máis na edición de Canuto Berea.

Ambalas duas copias constituien a mésma versión salvo unha pequena diferéncia nos compasos 16 e 17 na parte de piano. Dou coma referéncia a da edición e a continuación apunto nestas «notas» a solución que presenta o autógrafo:

Polo que respecta as repeticións, éstas están muito máis claramente indicadas na edición que no autógrafo. E de supor que de cada volta que se volve enriba hai que ir ao «vivo ma non troppo» servindo o preludio pianístico de interludio entre estrofa i estrofa. Tras da terceira estrofa repítese de novo o preludio instrumental que serve de colofón á canción.

M.A.2, nº 24.— «Antiguo A-la-la popular».

Parez no livro negro e máis na edición de Canuto Berea.

Constituien ambas copias unha mesma versión salvo algunha pequena diferéncia.

Unha delas dase na primeira parte xa que no autógrafo a parte pianística vai escrita sobre dunha pedal de tónica como indico seguidamente:



reservando a solución da edición prá versión de referéncia.

Doutra banda no autógrafo non existe ningunha indicación de «sf» nin na voz nin no acompañamento perante esta parte. Además a voz grave no compaso 8 non fai, ao igual ca aguda, un sol sostenido, senon un si, intercambiándose os papeis no compaso 16, no que mentras a voz superior canta un si a inferior canta un sol sostenido.

Personalmente inclínome polas solucións do autógrafo —sigo a deixar prá versión de referéncia a solución da edición—, inclinación que non debe coartar en modo algún ao intérprete pra elexir libremente aquela solución que a súa musicalidade lle indique coma millor.

Outra diferencia témola nos derradeiros compasos nos que o acompañamento que figura no autógrafo vai do seguinte xeito:

A solución da edición déixoa prá versión de referéncia.

Polo que respecta ás repeticións, dado que non está ben sinalado o comenzo das mesmas podemos dar dúas opcións: A primeira é repetir tres veces seguidas o allegretto e a segunda é repetir integramente dende enriba. O bon gosto do intérprete será o que decida.

M.A.2, nº 25.— «A Ruada. Poesía de F.G.».

Parez no livro negro e máis na edición de Canuto Berea.

Estas duas copias constituien unha soia versión.

A única diferéncia entre as duas copias radica en que no autógrafo o títduo é: *«Dormeuse a 2 Voix (sans acct.)»*, e non leva texto. Ademáis no autógrafo non figura o acorde derradeiro. Dou coma versión de referéncia a da edición. Cecáis a copia do livro negro fora escrita pra sere cantada a boca chiusa (de feito as figuras con colchete levan éste ligado as unhas coas outras cando Adalid, seguindo a tradición, non os liga máis que cando pertencen á unha mesma sílaba de texto, deixándoos separados cando a cada sílaba lle corresponde unha soia figura) coma canto de berce. Se esta hipótese miña coincide coas intencións do autor o intérprete poderá elexir entre estas duas opcións.

Polo que respecta ás repeticións é de supor que haxa que facelas dende enriba.

Indice

Presentación VII
Fontes, materiais, orixinais e planificación desta edición IX

MUSICA

Mélodies pour chant et piano 1
Cantares viejos y nuevos de Galicia 321

TEXTOS

Notas prás mélodies pour chant et piano 413
Cantares viejos y nuevos de Galicia 451
Indices documentarios 467

Indice das
MÉLODIES POUR CHANT ET PIANO

M.A.1, nº 1a	Mignone	3
M.A.1, nº 1b	Mignone	6
M.A.1, nº 2	Les primesaults	9
M.A.1, nº 3a	Dieu qui sourit et qui donne	12
M.A.1, nº 3b	La tour enchanté	16
M.A.1, nº 4	Le moulin de Milly	18
M.A.1, nº 5	Oh! Quand je dors	21
M.A.1, nº 6a	Guitarre	23
M.A.1, nº 6b	Guitarre	25
M.A.1, nº 7a	Sur des roses sous la neige	27
M.A.1, nº 7b	Sur des roses sous la neige	30
M.A.1, nº 8a	A une fiancée de quince ans	32
M.A.1, nº 8b	A une fiancée de quince ans	35
M.A.1, nº 9	La tombe dit a la rose	37
M.A.1, nº 10	Souvenir	40
M.A.1, nº 11	Le grillon	44
M.A.1, nº 12a	Puis qu'ici bas toute âme	47
M.A.1, nº 12b	Puis qu'ici bas toute âme	51
M.A.1, nº 13	La fleur des eaux	54
M.A.1, nº 14a	L'heure du Mystère	57
M.A.1, nº 14b	Le declin du jour	60
M.A.1, nº 15a	Berceuse	62
M.A.1, nº 15b	Berceuse	64
M.A.1, nº 16	Venise	66
M.A.1, nº 17	Le vallon	69
M.A.1, nº 18a	Le lever	71
M.A.1, nº 18b	Le lever	74
M.A.1, nº 19a	Les adieux de la vie	77
M.A.1, nº 19b	Derniers vers	80
M.A.1, nº 19c	Les adieux de la vie	82
M.A.1, nº 20a	Les champs	84
M.A.1, nº 20b	Les champs	89
M.A.1, nº 21	Sur les bords du ruisseau	92
M.A.1, nº 22	Pour une quête	99
M.A.1, nº 23a	Aubade	102
M.A.1, nº 23b	Misterios del amor	107
M.A.1, nº 24a	Le desespoir	111
M.A.1, nº 24b	Rapelle toi	117
M.A.1, nº 25	Mignone	127
M.A.1, nº 26	La source	130

Indice dos
CANTARES VIEJOS Y NUEVOS DE GALICIA

M.A.2, nº 1a	Amour	323
M.A.2, nº 1b	Bágoas e sonos	326
M.A.2, nº 2a	Lágrimas fecundas	330
M.A.2, nº 2b	A bordo	332
M.A.2, nº 3a	Misterios del amor	335
M.A.2, nº 3b	Foi polo mes de Nadal	338
M.A.2, nº 4a	Barcarolle	340
M.A.2, nº 4b	Afrixida	344
M.A.2, nº 5	A sorte	347
M.A.2, nº 6a	Los dos miedos	350
M.A.2, nº 6b	¡Pesóulle!	354
M.A.2, nº 7	Mágoas do corazón	358
M.A.2, nº 8	Soedades	361
M.A.2, nº 9	A noite de San Xoán	364
M.A.2, nº 10	Miña terra, miña terra	367
M.A.2, nº 11	Canto de berce	369
M.A.2, nº 12	Frouseira, triste frouseira	372
M.A.2, nº 13	A mala fada	375
M.A.2, nº 14	Canta o galo, ven o dia	378
M.A.2, nº 15	Canteiros e carpinteiros	380
M.A.2, nº 16	Séntate n'esta pedriña	383
M.A.2, nº 17	Queixas	387
M.A.2, nº 18a	Balada popular	389
M.A.2, nº 18b	A campaña	391
M.A.2, nº 19	Na fiada	393
M.A.2, nº 20	¡Adiós meu meniño! ¡Adiós!	395
M.A.2, nº 21	Axeitam'a polainiña	397
M.A.2, nº 22	A xolda	399
M.A.2, nº 23	Non te quero por bonita	402
M.A.2, nº 24	A la la	404
M.A.2, nº 25	A ruada	408

M.A.1, n° 27a	Mignone	134
M.A.1, n° 27b	La virtud	139
M.A.1, n° 28	Les primesaults	143
M.A.1, n° 29a	Triste esperance enfant	146
M.A.1, n° 29b	Triste esperance enfant	148
M.A.1, n° 30a	Le papillon	150
M.A.1, n° 30b	Le papillon	153
M.A.1, n° 31	Pensée des morts	159
M.A.1, n° 32	Invocation	162
M.A.1, n° 33	Barcarolle romantique	166
M.A.1, n° 34	Chant d'amour	169
M.A.1, n° 35a	Les preludes	178
M.A.1, n° 35b	I gondolieri	185
M.A.1, n° 36	S'eveiller le coeur pur	188
M.A.1, n° 37a	La double chasse	194
M.A.1, n° 37b	La double chasse	197
M.A.1, n° 38a	Chanson pastorale	199
M.A.1, n° 38b	Chanson pastorale	201
M.A.1, n° 39a	Serenata	204
M.A.1, n° 39b	Serenata	213
M.A.1, n° 40	La lisonjera	217
M.A.1, n° 41	El pescador	220
M.A.1, n° 42	Le crucifix	224
M.A.1, n° 43a	La brande d'amandier	227
M.A.1, n° 43b	La brande d'amandier	229
M.A.1, n° 44a	La fauvette	232
M.A.1, n° 44b	La fauvette	235
M.A.1, n° 45a	Hier le vent du soir	238
M.A.1, n° 45b	Hier le vent du soir	243
M.A.1, n° 46a	L'hirondelle	247
M.A.1, n° 46b	L'hirondelle	247
M.A.1, n° 47	Declaration	249
M.A.1, n° 48a	Berceuse	252
M.A.1, n° 48b	Berceuse	254
M.A.1, n° 49	Ma nacelle	256
M.A.1, n° 50a	Der König von thule	260
M.A.1, n° 50b	Le roi d'Ivetot	263
M.A.1, n° 51	Serenata	266
M.A.1, n° 52	Las estrellas	277
M.A.1, n° 53	El nombre misterioso	280
M.A.1, n° 54a	La imagen	283
M.A.1, n° 54b	Serenata	287
M.A.1, n° 55	Ave Maria	289
M.A.1, n° 56	Ave Maria	296
M.A.1, n° 57	Le nid	302
M.A.1, n° 58	Barcarola infernal	305
M.A.1, n° 59	Halali	309
M.A.1, n° 60	Rose	312
M.A.1, n° 61	Melodia	315
M.A.1, n° 62	Prière	318

INDICES DOCUMENTÁRIOS

Indice das «Mélodies pour chant et piano» segundo parecen nesta edición e as súas correspondéncias cos orixinais —livro verde, livro violeta e máis livro negro— e as edicións de Antonio Romero e Canuto Berea.

Presente edición	**Livro verde**	**Livro violeta**	**Livro negro**	**Canuto Berea (C.B.) Antonio Romero (A.R.)**
M.A.1, nº 1 Mignone.	nº 1 id.	C. 4º, nº 1 id.	nº 2 id.	
M.A.1, nº 2 Les primesaults.	nº 2 id.	C. 3º, nº 5 id.	nº 31 id.	
M.A.1, nº 3 Dieu qui sourit et qui donne. La tour enchanté.	nº 3 Dieu qui sourit et qui donne.	C. 3º, nº 2 Dieu qui sourit et qui donne.	nº 30 La tour enchanté. (Ballade).	C. B. Mondariz.
M.A.1, nº 4 Le moulin de Milly.	nº 4 id.	C. 1º, nº 4 id.	nº 16 id.	
M.A.1, nº 5 Oh! Quand je dors.	nº 5, nº 13 id.	C. 1º, nº 1 id.	nº 45 id.	A.R. nº 1 id.
M.A.1, nº 6 Guitarre.	nº 6 id.	C. 1º, nº 6 id.	nº 8 id.	
M.A.1, nº 7 Sur des roses sous la neige.	nº 7 id.	C. 4º, nº 4 id.	nº 50 id.	
M.A.1, nº 8 A une fiancée de quince ans.	nº 8 id.	C.º 4º, nº 3 id.	nº 67 id.	
M.A.1, nº 9 La tombe dit à la rose.	nº 9 id.	C. 2º, nº 6 id.	nº 47 id.	A.R. nº 3 id.
M.A.1, nº 10 Souvenir.	nº 10 id.	C. 8º, nº 3 id.	nº 38 id.	
M.A.1, nº 11 Le Grillon.	nº 11 id.	C. 3º, nº 3 id.	nº 46 id.	A.R. nº 2 id.
M.A.1, nº 12 Puis qu'ici bas toute âme.	nº 12 id.	C. 1º, nº 3 id.	nº 29 id.	
M.A.1, nº 13 La fleur des eaux.	nº 14 id.	C. 2º, nº 2 id.		
M.A.1, nº 14 L'heure du mystère. Le declin du jour.	nº 15 L'heure du mystère.	C. 3º, nº 6 L'heure du mystère.	nº 32 Le declin du jour.	
M.A.1, nº 15 Berceuse.	nº 16 id.	C. 1º, nº 2 id.	nº 9 id.	
M.A.1, nº 16 Venise.	nº 17 id.	C. 2º, nº 4 id.	nº 41 id.	
M.A.1, nº 17 Le vallon.	nº 18 id.	C. 2º, nº 1 id.	nº 36 id.	
M.A.1, nº 18 Le lever.	nº 19 id.	C. 6º, nº 3 id.	nº 18 id.	

Presente edición	Livro verde	Livro violeta	Livro negro	Canuto Berea (C.B.) Antonio Romero (A.R.)
M.A.1, nº 19 Derniers vers. Les adieux de la vie.	nº 20 Derniers vers.	C. 5º, nº 5 Derniers vers.	nº 33 Les adieux de la vie.	
M.A.1, nº 20 Les champs.	nº 21 id.	C. 5º, nº 4 id.	nº 28 id.	
M.A.1, nº 21 Sur les bords du ruisseau.	nº 22 id.	C. 6º, nº 1 id.		
M.A.1, nº 22 Pour une quête.	nº 23 id.			
M.A.1, nº 23 Aubade. Misterios del amor.	nº 24 Aubade.	C. 5º, nº 2 Aubade. C. 10º, nº 2 Misterios del amor.	nº 12 Aubade.	
M.A.1, nº 24 Le desespoir. Rapelle toi.	nº 25 Le desespoir.	C. 6º, nº 5 Rapelle toi.		
M.A.1, nº 25 Mignone.	nº 26 id.	C. 1º, nº 5 id.		
M.A.1, nº 26 La source.	nº 27 id.	C. 4º, nº 6 id.	nº 39 id.	
M.A.1, nº 27. Mignone. La virtud.	nº 28 Mignone.	C. 7º, nº 5 La virtud.		
M.A.1, nº 28 Les primesaults.	nº 29 id.	C. 2º, nº 5 id.	nº 40 id.	A.R. nº 5 id.
M.A.1, nº 29 Toute esperance enfant.	nº 30 id.	C. 5º, nº 6 id.		
M.A.1, nº 30 Le papillon.	nº 31 id.	C. 3º, nº 4 id.	nº 23 id.	
